

Unha das mellores maneiras de axudar aos nosos fillos/as é mantendo contacto cos seus profesores/as. Neste mes son moitas as familias que teñen o primeiro encontro co titor/a; por iso nos pareceu oportuno ofrecer algunhas claves para mellorar a eficacia destas reunións.

A entrevista co profesorado

1- É aconsellable unha **entrevista trimestral co titor/a**. En circunstancias normais é conveniente acudir ao centro unha vez por avaliación, non só para facer seguimento da evolución do neno/a e cooperar co profesorado, senón tamén para que o noso fillo/a sinta que centro e familia están coordinados.

2- **A entrevista debe desenvolverse no centro educativo e concertarse previamente**. En ocasións atopamos os profesores/as na rúa, no supermercado... e aproveitamos para preguntarlles como vai o noso fillo/a. Nin eses son os lugares axeitados, nin as entrevistas improvisadas son eficaces. A reunión hai que concertala previamente, para que o profesor/a poida preparala e para que, no caso dos titores/as, teñan tempo de falar co resto do profesorado e así recadar a información que nos van transmitir.

3- Hai que **ir dispostos a intercambiar información**. Non é aconsellable ocultarlles información aos profesores/as. Negar os problemas ou non querer ver as dificultades vai impedir unha solución adecuada. Debemos facer, pois, unha análise realista sobre o noso fillo/a. Para iso é aconsellable falar con el/ela antes da reunión: ver como se atopa dentro do grupo, preguntarlle se ten dificultades..., pero tamén observar os seus hábitos de traballo, valorar o seu rendemento, reflexionar sobre as súas relacións sociais...



4- Debemos acudir **dispostos a asumir compromisos**. Hai persoas con tendencia a delegar a educación dos seus fillos/as nos outros. Ninguén é mellor ca outro na educación, todos somos necesarios, pero cada quen ten que asumir a súa función, e a dos pais/nais é a de ser pais/nais.

5- **A reunión non se debe centrar unicamente no académico**. Hai aspectos que son tan importantes como as notas e que moitas veces non son abordados nas reunións. É o caso da situación anímica do neno/a, a relación cos compañeiros/as ou co profesorado, a integración no centro...

6- Hai que **evitar culpabilizar os profesores/as** ou facerlles reproches. Aínda nos momentos de maior desentento, hai que centrarse en atopar puntos de colaboración entre o centro e a familia, iso vai ser sempre o mellor para o neno/a. Cando a entrevista sexa por algunha cuestión conflictiva, hai que asegurarse ben dos feitos e calmarse antes de acudir ao centro.

7- **Despois da reunión** fale co seu fillo/a. Transmítalle as cousas positivas e as dificultades das que faláron. Comuníquelles os acordos aos que chegou co titor/a ou co profesor/a e a data na que quedaron de volverse a ver para revisalos.

8- E recorde sempre: **a entrevista eficaz** é aquela na que se chega a acordos entre familia e profesor/a, se decide como se vai facer para conseguilos e se establece unha data para ver se o acordado se está cumprindo.

